

A GUARDA*Anuncio de adxudicación***ENTIDADE ADXUDICADORA:**

- a) Organismo: Concello de A Guarda
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Tipo de contrato: Administrativo de obras
- b) Descrición do obxecto: Adaptación de edificio para museo-aula do mar e exposición de artes de pesca na atalaia do concello de A Guarda.

TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO:

- a) Tramitación: Ordinaria
- b) Procedemento: Negociado sen publicidade
- c) Orzamento: 167.542,65 euros, (IVE engadido).

ADXUDICACIÓN PROVISIONAL:

- a) Data: 21 de agosto de 2008
- b) Contratista: Hidromiño
- c) Nacionalidade: Española
- d) Importe da Adxudicación: 167.542,65 euros, (IVE engadido), unhas melloras técnicas por importe de 15.161,44 euros e un prazo de execución de 20 días naturais.

A Guarda, 21 de agosto de 2008.—O Alcalde,
José Manuel Domínguez Freitas. **2008008768**

* * *

MOAÑA**E D I C T O**

Aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 8/8/08 o regulamento de axudas sociais para o persoal funcionario ao servizo do concello de Moaña (modificación do acordo marco do persoal funcionario de 1992) faise público o seu texto íntegro, en cumprimento e ós efectos do disposto polo artigo 70 da lei 7/85, reguladora das Bases do Réxime Local

O obxecto do presente regulamento é establecer a normativa de funcionamento do Fondo Social para os funcionarios do Concello de Moaña, de acordo co previsto no capítulo IV do Acordo Marco do persoal funcionario.

O Fondo Social nutrirase coas aportacións que efectúe a Corporación a través da súa consignación nos presupostos anuais.

Terá como finalidade o desenvolvemento de accións e programas tendentes a promover a mellora das condicións de vida, tanto profesional como laboral dos Funcionarios incluídos no cadro de persoal.

ART.1.—NORMAS XERAIS**1.—Beneficiarios/as**

Para poder optar a calquera das axudas reguladas neste texto, deberán concorrer con carácter xeral os seguintes requisitos, ademais dos que se sinalan especificamente para cada caso:

Será condición indispensable ser funcionario con praza en propiedade no Concello de Moaña.

O funcionario/a deberá formalizar a correspondente solicitude na forma e prazos establecidos neste Regulamento, acompañando a documentación que se determine en cada caso.

2.—Distribución da partida de melloras sociais.

As subvencións concederanse con cargo ás partidas de acción social. Anualmente, no procedemento de aprobación dos ornamentos municipais, negociarase a porcentaxe sobre a masa salarial de persoal funcionario que dotará estas partidas.

3.—Comprobación das solicitudes

A mesa de Negociación poderá esixir, en calquera momento da tramitación, xustificantes de todos e cada un dos datos declarados polos solicitantes, sempre que non consten ou non se poida comprobar doutra forma a súa autenticidade.

4.—Corrección de erros

Os beneficiarios que por causas que non lles sexan imputables, perciban contías ás que non teñen dereito, reintegrarán ao Concello estas cantidades percibidas indebidamente. O Concello instará a que, no prazo de quince días, opten por unha das dúas posibilidades que seguen:

a.—Reintegrar voluntariamente as cantidades recibidas indebidamente nun único pagamento.

b.—Aceptar un desconto na nómina mensual en contía non inferior ao 10% das retribucións brutas, ata ter liquidado o importe total do débito.

As persoas que perciban axudas económicas indebidamente por teren falseado os datos ou a documentación presentada, incorrerán nas responsabilidades disciplinarias que correspondan e, ademais, serán instadas para que no prazo de quince días hábiles reintegren as cantidades recibidas. En caso contrario, practicaráselles unha deducción en nómina nunha contía non inferior ao 30% das súas retribucións brutas, ata ter liquidado o importe total do débito. Estas persoas perderán o dereito a percibir calquera subvención ou prima das definidas no presente regulamento por un período non inferior a un ano nin superior a tres.

5.—Compatibilidades

As axudas concedidas con cargo á partida de melloras sociais son compatibles con calquera outra que por idénticos conceptos outorguen outras entidades ou organismos públicos ou privados, sempre que as axudas non superen os gastos efectivos xustificadas.

O solicitante está na obriga de presentar declaración xurada das axudas solicitadas e concedidas.

6.—Modificacións

Queda reservada á Mesa de Negociación a facultade de propoñer a resolución de cantas dúbidas ou omisións poideran xurdir da aplicación práctica da presente normativa, así como a competencia para propoñer a introducción de calquera modificación que fose precisa para un mellor desenvolvemento e aplicación, sen alterar no fundamental o sentido exposto no presente texto.

7.—Convocatoria

O Concello abrirá o prazo de solicitude de subvencións por estudos, gardería e sanitarias, e solicitaranse individualmente durante o ano a petición do interesado nos meses de xaneiro e febreiro de cada ano.

O departamento de Persoal disporá duns impresos normalizados de solicitude que deberán ser cubertos polas persoas interesadas, facendo constar o tipo de subvención que se solicita.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello coa documentación que para caso se especifique. En caso de non se achegar a documentación necesaria requirírase aos interesados para que a presenten nun prazo non superior a 15 días. De non facelo considérase que renuncian á solicitude.

Serán rexeitadas todas as solicitudes presentadas fora de prazo.

8.—Tramitación

O departamento de Persoal será o encargado de realizar todos os trámites necesarios para resolver as solicitudes de axudas.

9.—Resolución

A concesión de subvencións sanitarias, gardería, estudos, definidas nesta normativa, corresponderá á Xunta de Goberno Local, que deberá resolvelas no prazo de dous meses, contado dende o remate do prazo de presentación de solicitudes, conforme á proposta que formulará para os efectos á Mesa de Negociación.

10.—Pagamento

O pagamento das subvencións reguladas neste documento farase efectivo mediante mandamento de pago, nun prazo non superior aos sesenta días dende a data de resolución.

ART.2.—SUBVENCIÓN POR ESTUDOS

O Concello subvencionará os gastos derivados dos estudos que realice o persoal funcionario ao seu servizo e os seus cónxuxes e fillos menores de 30 anos que dependan economicamente del, nos niveis de Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato, FP nas súas modalidades de Grao Medio e Grao Superior e Universidade.

1.—Contías

— Ed. Infantil, Ed. Primaria, ESO:

120 euros / persoa por ano

— FP e BACHARELATO:

150 euros / persoa por ano

— Universidade:

40% do importe da matrícula.

2.—Documentación a aportar

— Xustificante e factura de compra.

— Certificación expedida polo centro docente ou resguardo da matrícula, que acredite a formalización da mesma. De ser o caso, presentárase tamén xustificantes dos gastos realizados por este concepto.

— No caso de que a solicitude se refira ao cónxuxe ou a fillos maiores de 18 anos, presentárase unha declaración xurada de que non perciben ningún tipo de renda derivada do traballo por conta allea ou propia.

— Fotocopia do libro de familia, cando se trate de fillos ou cónxuxe.

ART.3.—SUBVENCIÓN POR GASTOS DE GARDERÍA. (AGÁS NA PÚBLICA)

O Concello subvencionará os gastos derivados das estancias en garderías dos fillos ou orfos do seu persoal funcionario na contía e condicións que se determinan no presente capítulo.

1.—Contía

A subvención por gardería consistirá inicialmente no pagamento do gasto realizado durante o período comprendido entre setembro e agosto de cada curso escolar, ata un límite de 40 ? ao mes e 480 euros ao ano, por cada fillo que se solicite a axuda.

2.—Documentación a aportar.

As solicitudes deberán acompañarse coa seguinte documentación:

— Fotocopia do libro de familia.

— Factura do pagamento da gardería.

ART.4.—SUBVENCIÓNS SANITARIAS

O Concello subvencionará as próteses dentarias, de visión, auditivas, de fonación, ortopédicas, etc. que non cubra a Seguridade Social e prescritas por facultativo, na contía e condicións que se determinan a continuación:

Empastes, endodoncias e ortodoncias: 100 %
 Próteses bucais (parciais ou completas): 50 %
 (ata 400 e.)
 Audífonos: 100 %
 Ortopedias: 100%
 Cristais para lentes e lentes de contacto: - 100%
 Monturas para lentes: 50 % (ata 90 e.)
 Especialidades médicas non cubertas pola S.S
 baixo prescripción facultativa ata un límite de 600
 euros.

1.—Documentación a aportar.

Coas solicitudes deberá achegarse a seguinte documentación:

- Documento de prescripción facultativa.
- Tres orzamentos para a autorización do gasto.
- Factura orixinal ou compulsada que acredite o gasto realizado
- Fotocopia do libro de familia se a solicitude se refire ao cónxuxe ou fillos.
- Declaración xurada de que os fillos maiores de 18 anos ou cónxuxes (de referirse a eles), non perciben ningún tipo de renda derivada do traballo por conta allea ou propia.

Os fillos solteiros que convivan no domicilio familiar, serán beneficiarios ata unha idade de 30 anos, agás os que consten como diminuídos físicos e/ou psíquicos.

O Concello poderá concertar convenios con tres ou catro entidades sanitarias que oferten os servizos establecido no presente artigo, co fin de conseguir un desconto.

ART.5.—ANTICIPOS

O Concello concederá ó persoal funcionario o seu servizo, anticipos sobre a nómina reintegrables sen xuros.

1.—Anticipos.

- a) Todo traballador/a terá dereito a un anticipo de caixa con cargo ós haberes do mes en que se solicite. A súa cuantía máxima non poderá sobrepasar os 300 e. e o seu importe deberá ser descontado automaticamente da súa nómina no mesmo mes. Só se poderá conceder un anticipo mensualmente a cada traballador, e deberá solicitarse antes da data en que o Concello domicilie a correspondente nómina mensual.

- b) Por pedimento do interesado, o Concello concederalle aos traballadores municipais que o soliciten, anticipos reintegrables ata unha contía igual a 1 ou 2 mensualidades.

O reintegro destes anticipos deberá formalizarse mediante deducións mensuais en nómina, e nun período non superior a 10 meses

cando se trate dunha mensuralidade, e de 14 meses cando se trate de dúas.

- c) Deberán ser informados favorablemente polo comité de persoal, e cada traballador/a terá dereito a un só anticipo ata que se amortice o anterior.

Por pedimento do solicitante, os anticipos poderán amortizarse en prazos inferiores aos establecidos ou mediante entrega de contías a tanto alzado.

Os anticipos terán que ser amortizados necesariamente con anterioridade á data de xubilación, ou a deixar de prestar servizos no Concello.

2.—Tramitación.

Poderán solicitarse anticipos sobre a nómina durante todo o ano, ata o esgotamento da partida.

Xunto coa solicitude, presentarase:

- No caso de gastos de enfermidade, presentarase un informe facultativo, debendo entregar a posteriori as facturas dos gastos. Se os gastos foran doutro membro da unidade familiar presentarase copia do libro de familia.
- En casos distintos aos anteriores, bastará coa solicitude do anticipo.

ART.6.—ASISTENCIA XURÍDICA

O Concello garantirá a prestación de asistencia xurídica especializada a todos os traballadores do Concello que a precisen por razón de conflitos con terceiros, derivados da prestación do servizo.

O Concello asumirá os gastos de defensa do funcionario, logo da solicitude do interesado, na que se fará constar o letrado elixido. Para estes efectos o Concello pode subscribir concerto con letrados para o asesoramento do persoal funcionario en número e especialidades necesarias.

Así mesmo, o Concello asumirá as posibles responsabilidades civís que puidesen derivarse da prestación do servizo dos traballadores do Concello, agás nos supostos de negligencia profesional debidamente probada.

Para estes efectos, o Concello subscribirá unha póliza de seguros que garanta unha cobertura adecuada por este concepto.

ART. 7.—SEGURO DE ACCIDENTES

O Concello concertará unha póliza de seguro colectivo de accidentes, para os traballadores municipais, que cubra os riscos de morte e incapacidade laboral permanente.

O incumprimento do disposto nos artigos VI (apdo. 3) e VII, suporá a obriga do Concello de asumir subsidiaria e directamente as indemnizacións establecidas en cada caso.

ART.8.—DIMINUCION DA CAPACIDADE

Cando se dean nun/nunha funcionario/a circunstancias de capacidade diminuída, sobrevivida e permanente, debidamente acreditadas mediante informe médico, pode ser destinado mediante resolución da Alcaldía, coa súa conformidade e con informe previo da Xunta de Persoal, a postos de traballo vacantes, definidos na relación, que sexan axeitados ás súas condicións, deixando vacante o posto do que era titular. Na medida do posible, procurárase un novo destino dentro do servizo ao que pertenza.

Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, os/as funcionarios/as maiores de 55 anos que desenvolvan postos de traballo en condicións de penosidade, perigosidade e toxicidade, poderán solicitar a adscrición a postos de segunda actividade dentro do propio servizo.

En todo caso, o persoal percibirá o 100% das retribucións correspondentes ao posto de traballo de orixe.

A Comisión de Seguimento establecerá unha relación de postos de traballo de segunda actividade en cada servizo, vistas as propostas que para estes efectos formularán os respectivos xefes dos servizos.

ART.9.—PREMIO DE NATALIDADE

Establecerase un premio de natalidade consistente en 120 e. por cada un dos fillos que teña o traballador/a, incluídos os que se teñan en adopción.

ART.10.—PLAN DE XUBILACION

O Concello de Moaña, aportará obrigatoriamente a contía máxima que se estableza nos Orzamentos Xerais do Estado ou a normativa de aplicación en cada momento.

ART.11.—ACCESO A INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E SOCIOCULTURALS

O Concello facilitará ao persoal ao seu servizo o acceso ás instalacións deportivas e socio-culturais de titularidade municipal, estean xestionadas directamente polo Concello ou en réxime de concesión.

As axudas instrumentarase a través dun sistema de carnés específicos para o persoal municipal e a introdución de tarifas especiais nas ordenanzas reguladoras dos servizos, garantindo unha redución do 50%.

DISPOSICION FINAL

As cantidades acordadas neste regulamento interno da xestión das axudas sociais estarán condicionadas á efectiva alta ou baixa no cadro de persoal e as súas contías revisadas anualmente na mesa de negociación. De non facer efectiva esta mesa de negociación, entenderanse prorrogadas as do ano anterior co incremento do IPC.

Moaña, a 20 de agosto do 2008.—O Alcalde,
ilexible. **2008008735**

M O S**A N U N C I O**

Polo Concello Pleno, en sesión celebrada o 31 de xullo de 2008, adoptouse o seguinte acordo, cuxo contido transcribo literalmente, e para que conste e produza os efectos oportunos, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

“17. Aprobación dedicacións exclusivas.

Primeiro. A determinación dos seguintes cargos en réxime de dedicación exclusiva:

- Alcaldía, cunha retribución bruta anual de 40.588,47 euros.
- Tenencia de Alcaldía, cunha retribución bruta anual de 35.796,80 euros.
- Concellaría delegada da Área de Servizos Públicos municipais, cunha retribución bruta anual de 31.005,14 euros.
- Concellaría delegada da Área de Vías e Obras, Medioambiente, Parques e Xardíns, cunha retribución bruta anual de 31.005,14 euros.
- Concellaría delegada de Servizos Sociais, Saíndade e Transporte, cunha retribución bruta anual de 31.005,14 euros.

Segundo. En tódolos casos procederáse a súa alta na Seguridade Social.

Terceiro. Establécese un réxime de dedicación horaria coincidente, en canto ao número total de horas e cando menos, co horario de oficina municipal, se ben distribuíndose de acordo coas necesidades do servizo e peculiaridades do cargo.

Carto. Publicar no Taboleiro de Edictos deste Concello e no BOP o presente acordo, en cumprimento do sinalado no artigo 75.5 da Lei 7/1985.

Quinto. Precisar que o nomeamento dun cargo concreto pola Alcaldía, que supoña unha dedicación exclusiva establecida por este Pleno, deberá ser expresamente aceptado polo interesado, dando conta ao Pleno na vindeira sesión desa aceptación.

Sen que se produzan intervencións a sra. Alcaldesa somete o presente asunto á votación resultando aprobado con 9 votos a favor dos concelleiros do PSOE e do BNG.”

Mos, 21 de agosto de 2008.—A secretaria, María Martínez Allegue. **2008008752**

* * *

VILA DE CRUCES*Anuncio de licitación***1. ENTIDADE ADXUDICADORA**

Concello de Vila de Cruces.

2. EXPEDIENTE

2008000013.

3. OBXECTO DO CONTRATO

Adquisición de parcela para o desenvolvemento de proxecto “Biodiversidade Saudable e Valor Paisaxístico”.